

PIERRE LOTI

Pescador de Islandia

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

1

Eran cinco, cuns ombreiros de descomunal anchura, bebendo debruzados nunha especie de tugurio lóbrego que cheiraba a salmoira e a mar. Aquel cortello, baixo de máis para as súas estaturas, estreitábase por un extremo, coma se fose o interior dunha gran gaivota baleira; e abaneaba debilmente, emitindo un queixume monótono, coa lentitude do sono.

Fóra, debían de estar o mar e a noite, pero non se sabía gran cousa: a única abertura recortada no teito estaba pechada por unha trapela de madeira, e a luz dunha vella lámpada pendurada alumeábaos vacilante.

Había lume nun fornelo; as súas roupas molladas secaban desprendendo un vapor que se mesturaba co fume das súas cachimbas de barro.

Unha mesa maciza ocupaba o local; tiña a súa mesma forma e deixaba o espazo xusto para coarse ao seu redor e sentar riba dunhas huchas estreitas acaroadas ás paredes de carballo. Por riba deles pasaban unhas trabes grosas que case lles rozaban as cabezas e, detrás deles, unhas liteiras que parecían escavadas no espesor da armazón, abríanse coma os nichos dun panteón para meter os mortos. Todo o madeirame era basto e rudo, impregnado de humidade e sal; gastado, luído pola rozadura das mans.

Beberan viño e sidra nas súas escudelas, e a alegría de vivir relucía nos seus rostros, que eran francos e ardidos.

Naquel momento estaban sentados á mesa e parolaban, en bretón, sobre asuntos de mulleres e de casoiros.

Na parede do fondo ocupaba un lugar de honor unha santa Virxe de louza fixada sobre un andel. A patroa daqueles mariñeiros era un pouco antiga e estaba pintada cun estilo bastante naíf. Pero as imaxes de louza consérvanse durante moito máis tempo ca os homes de verdade; e co seu vestido vermello e azul aínda producía o efecto dun obxecto moi fresco no medio de todos os grises escuros daquela cativa casoupa de madeira. De certo, aquela Virxe escoitara máis dunha ardente pregaría en horas de anguria; aos pés chantáranlle dous ramalletes de flores artificiais e mais un rosario.

Aqueles cinco homes vestían igual: un abrigo xersei de la azul que lles cinguía o torso e que se metía dentro do pantalón; na cabeza, unha especie de pucho de tea embreada que alí chaman *sueste* – polo nome dese vento que trae as choivas no noso hemisferio.

Eran de distintas idades. O patrón andaría polos corenta anos; os outros tres, entre os vinte e cinco e os trinta. O último, ao que lle chamaban Sylvestre ou Lurlu, tiña dezasete, mais pola estatura e a forza xa era un home feito; unha barba negra, moi fina e crecha, cubría as súas fazulas; só conservaba os ollos de neno, dun gris azulado e extremadamente doces e inocentes.

Moi preto os uns dos outros, por falta de espazo, parecían experimentar un verdadeiro benestar, así acachoupados no seu lúgubre cortello.

Fóra, debían de estar o mar e a noite, a infinda desolación das augas negras e fondas. Un reloxo de cobre, pendurado na parede, marcaba as once, as once da noite, claro, e a choiva repenicaba contra o teito de madeira.

Leriaban animados sobre asuntos matrimoniais, pero sen diciren nada deshonesto. Non, falaban de proxectos

